

## CERTIFICADO

| EXPEDIENTE NÚM. | ÓRGANO COLEXIADO         | DATA DA SESIÓN |
|-----------------|--------------------------|----------------|
| 2808/2026       | A Xunta de Goberno Local | 14/09/2026     |

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**Expediente 2808/2026. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DA SUBVENCÍONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA E CONCILIACIÓN CORRESPONDENTES A ANUALIDADE 2026**

|                  |                                                       |                                     |
|------------------|-------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Ordinaria                    | <b>Tipo de maioría:</b> Unanimidade |
|                  | A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |                                     |

| Votación | A favor | En contra | Abstencións | Ausentes |
|----------|---------|-----------|-------------|----------|
| Primeira | 4       | 0         | 0           | 0        |

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vistas as Bases Reguladoras das axudas e bolsas a estudantes do Concello de Boiro, recollidas na Base 46 das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2026.

Vistos os antecedentes que se detallan nas bases e que se reproducen a continuación:

“O Concello de Boiro, consciente do impacto que o incremento do custo da vida ten sobre as economías familiares o coidado e benestar dos seus integrantes, así coma especialmente do elevado custo dos alugueiros, electricidade e transporte, ante a necesidade de facer fronte aos gastos asociados á atención e coidado dos recién nados das familias considerase prioritario implementar medidas que apoien ás familias etapas de maior gasto social; á par que se fomenta o impulso demográfico para o crecemento da poboación municipal.

Neste senso, no ámbito demográfico, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), Galicia rexistrou en 2022 o peor crecemento vexetativo de España, con 20.501 defuncións máis que nacementos (34.996 fronte a 14.495). Na actualidade, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) para o ano 2023 o crecemento vexetativo continúa a ser negativo: 18.713 falecementos máis que nacementos.

O termo municipal de Boiro non supón unha diferenza: no 2023 o número de defuncións (201) superaron ao número de nacementos (103).

Neste contexto, ponse en marcha esta convocatoria de axudas económicas dirixida a familias con fillos menores dun ano, co obxectivo de aliviar a carga económica derivada dos gastos esenciais e

de reforzar as políticas locais de apoio á natalidade e á conciliación; como ferramenta do Plan de Dinamización Demográfica do Concello de Boiro.”

Vista a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311/48000 do Orzamento Municipal vixente, por importe de TRES MIL EUROS (3.000,00 €).

Vista a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así coma o regulamento (RD 887 /2006, de 21 de xullo); e vista a normativa autonómica ditada ao respecto e recollida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Visto o Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e axudas públicas.

Vista a competencia da Alcaldía segundo se establece no artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local,

Vista a proposta de resolución PR/2026/2135 de 3 de setembro de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 4 de setembro de 2026.

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria pública para a concesión das subvencións de dinamización demográfica e conciliación 2026, en réxime de concorrência competitiva de conformidade coas Bases Reguladoras contidas na Base 46 das Bases de Execución do Orzamento Municipal co seguinte contido:

### ***Primeira. Obxecto***

*O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas económicas destinadas a familias con fillos menores dun ano (de 12 meses), co obxectivo de fomentar a dinamización demográfica e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral. financiadas a través do POS+ADICIONAL 1/2026 do Plan Único de Concellos da Deputación da Coruña.*

### ***Segunda. Beneficiarios***

*Poderán ser beneficiarias destas axudas as familias con fillos menores de un ano (12 meses) cumprindo os requisitos definidos nas bases.*

### ***Terceira. Bases reguladoras***

*As bases reguladoras desta convocatoria foron aprobadas polo órgano competente do Concello de Boiro e están á disposición dos interesados na sede electrónica municipal ([www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)) e no Portal de Transparencia ([bases](#))*

### ***Cuarta. Dotación orzamentaria***

*Os fondos destinados a esta convocatoria ascenden a tres mil euros (3.000 €), con cargo á partida orzamentaria 2311/48000 do vixente orzamento municipal.*

### ***Quinta. Contía da axuda***

*As axudas poderán cubrir ata o 100 % dos gastos subvencionables que se identifican a continuación:*

- *Gastos relacionados coa atención e coidado do menor, como lactancia artificial e nutrición destinada ao menor ou á nai, produtos de hixiene destinados ao menor, axudas técnicas (cuna, carro, cadeiras, sistemas de seguridade para vehículos) e análogos que sexan aprobados pola correspondente comisión avaliadora.*
- *Outros gastos relacionados coa conciliación familiar e laboral, debidamente xustificados e que sexan aprobados pola correspondente comisión avaliadora.*
- *Outros gastos debidamente xustificados que sexan aprobados pola correspondente comisión avaliadora.*
- *O imposto sobre o valor engadido (IVE).*

*A contía máxima por entidade beneficiaria será de 300,00 €.*

#### **Sexta. Prazo de presentación de solicitudes**

*O prazo de presentación será de UN MES contado desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

#### **Sétima. Procedemento de concesión das subvencións**

*A concesión das axudas realizarase mediante un réxime de concorrència competitiva, sendo os criterios de ponderación os determinados nas bases e que se especifican a continuación:*

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <i>Familias monomarentais ou monoparentais</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | <i>1,00 puntos</i>                                                    |
| <i>Familias con dous fillos/a menores de un ano recen nacidos: xemelgos ou mellizos.</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                | <i>0,75 puntos.</i>                                                   |
| <i>Número de fillos/as da familia (sen contar o/os recén nacido/os).</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <i>0,25 puntos, por cada menor.</i>                                   |
| <i>Familias no que un dos proxenitores se atope en situación de desemprego.</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <i>0,75 puntos, por cada proxenitor en situación de desemprego.</i>   |
| <i>Familias no que un dos proxenitores teña contrato laboral vixente</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <i>0,50 puntos, por cada proxenitor en situación de alta laboral.</i> |
| <i>Capacidade económica:<br/>- Ingresos da unidade familiar menor ao 78,20 % do importe mensual do Iprem<br/>1º convivente adicional: o 14,60 % do importe mensual do <u>IPREM</u>.<br/>2º convivente adicional: o 12,50 % do importe mensual do <u>IPREM</u>.<br/>3º e sucesivos ou sucesivas conviventes adicionais: o 10,40 % do importe mensual do <u>IPREM</u></i> | <i>1,5 puntos.</i>                                                    |
| <i>Mulleres vítimas de violencia de xénero</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | <i>0,5 puntos adicionais.</i>                                         |
| <i>Persoas con certificado de discapacidade dun 33% ou</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <i>0,5 puntos adicionais.</i>                                         |

|                                                                                             |                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| <i>superior</i>                                                                             |                 |
| <i>Familias que non lles fora concedida a tarxeta benvinda da administración autonómica</i> | <i>1 punto.</i> |

*O órgano de instrución será o concelleiro de política social.*

*O órgano de resolución será a Xunta de Goberno local.*

*O prazo máximo de resolución e notificación será de seis meses.*

#### ***Oitava. Xustificación do gasto***

*A xustificación do gasto das subvencións concedidas deberá presentarse antes do 25 de decembro do ano correspondente ou nun prazo máximo de trinta días tras a realización da actividade, de conformidade coas condicións establecidas nas bases reguladoras da convocatoria.*

**SEGUNDO.** Autorizar o gasto correspondente por importe de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2311/48000 do Orzamento Municipal vixente.

**TERCEIRO.** Ordenar a publicación da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións, así coma o seu extracto no Boletín oficial da provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do Concello de Boiro.

**CUARTO.** Designar como membros da Comisión Avaliadora prevista na Base 8.2 das Bases Reguladoras ás seguintes persoas:

- Presidente: Alcaldía-presidencia ou concelleira/o en quen delegue.
- Secretario: O/A secretario/a da corporación, ou funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario/a da comisión, con voz pero sen voto.
- Vogais:

- D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Franco López empregado/a municipal, dependente da Concellería e departamento de Consumo.

- D<sup>a</sup> Diana Ordóñez Triñanes, empregada municipal dependente da Concellería/Departamento de Política Social, instructora do expediente.

- D. Germán Pérez Miranda empregado municipal dependente da Concellería/Departamento de Facenda.

**QUINTO.** Dar traslado do presente acordo á Intervención, Tesouraría, Secretaría e Política Social para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**